

LÓPEZ-SIMÓ, Mireia, MOGORRÓN HUERTA, Pedro e CUADRADO REY, Analía (2024): *Referencias culturales. Retos en la traducción de la fraseología y del lenguaje de especialidad*. Ámsterdam/Philadelphia: John Benjamins Publishing Company. ISBN: 978-90-272-1787-5; 257 páx.



A obra *Referencias culturales. Retos en la traducción de la fraseología y del lenguaje de especialidad* foi publicada en 2024 pola editorial John Benjamins Publishing e ten tanto unha copia física como unha versión en *e-book*, sendo esta última identificada co ISBN 978-90-272-4640-0. Ademais, constitúe o volume 43 da colección IVITRA Research in Linguistics and Literature, que se centra en investigacións sobre literatura, lingüística, cultura e historia.

Esta obra foi editada por Mireia López Simó, Pedro Mogorrón Huerta e Analía Cuadrado Rey. Os tres son especialistas en lingüística. Mireia Lopez Simó ten estudos en Filoloxía Francesa e Hispánica, ademais dun mestrado universitario en Tradución Francesa e tamén é doutora en Tradución. Pedro Mogorrón Huerta é doutor en Filoloxía Románica e catedrático de Tradución e Interpretación; tamén é especialista

en análise contrastivo, lexicoloxía e fraseoloxía e dirixe o grupo de investigación FRASYTRAM. Analía Cuadrado Rey é licenciada en Filoloxía Alemá, conta cun mestrado universitario en Tradución Institucional; tamén é doutora en Tradución e participa no grupo de investigación FRASYTRAM.

Esta obra está centrada na fraseoloxía e destinada a un público específico, persoas tradutoras ou lingüistas, e principalmente trata sobre a tradución dos referentes culturais e as súas dificultades. Nas 257 páxinas que conforman este volume danse numerosos exemplos sobre os efectos e as consecuencias do emprego dunha linguaxe específica, explícase como abordar posibles traducións de referencias culturais e sinálanse as estratexias empregadas nalgunhas destas traducións.

A obra comeza cunha presentación onde se introduce a temática do libro (as referencias culturais na tradución), os obxectivos principais (atopar unha definición para «referentes culturais» e mostrar as dificultades para traducilos) e a súa estrutura. Seguidamente, a composición da obra continúa con trece capítulos ou artigos que analizan o obxecto de estudo dende unha perspectiva tradutolóxica en distintas linguas de traballo: francés-castelán, inglés-castelán, chino-castelán, ruso-castelán, romanés-francés e italiano-inglés.

Para poder facer unha distinción entre os trece capítulos da obra, decidimos organizalos en dúas partes. A primeira estaría conformada polos primeiros nove capítulos, onde se analizan as distintas clases de unidades fraseolóxicas vinculadas a unha cultura. Por outra banda, a segunda parte estaría conformada polos catro capítulos restantes, onde se estudan as

referencias culturais en textos que pertencen a áreas temáticas distintas ou de especialidade. Estes capítulos están redactados en diferentes idiomas: francés, inglés e español.

O primeiro capítulo ten como título «Phraséologie et noms de marque» e está escrito en francés por Natalia Soler Cifuentes (Universidad de Alicante, Université Sorbonne Nouvelle e Université Sorbonne Paris Nord), Aude Grezka (Université Sorbonne Paris Nord, Laboratoire d'Informatique de Paris Nord, LIPN, e Centre National pour la Recherche Scientifique, CNRS) e Jorge Garcia Flores (Université Sorbonne Paris Nord, LIPN e CNRS). O capítulo trata das «marcas», que son moito máis que simples representacións dun produto: poden chegar a representar un grupo de persoas, unha idea específica e ata integrarse na lingua e converterse en referentes culturais. O artigo comeza delimitando a definición de «marca» para facernos ver como é moito máis que un simple produto de márketing e que ten as súas orixes incluso na antiga Grecia. Segundo o estudo, as persoas autoras chegan á conclusión de que a marca se atopa un punto intermedio entre o nome propio e o nome común. Ao mesmo tempo, ofrecen diferentes rangos baseados no grao de lexicalización que presentan as marcas, dende inexistente ou débil ata completo. Estas marcas acaban por converterse en parte da lingua e por formar parte da cultura. Este proceso fai que sexan difíciles de comprender para as persoas estranxeiras, xa que non teñen sentido se se traducen de maneira literal. Ao mesmo tempo, comprender estas referencias é crucial para poder aprender unha lingua de verdade. Estas referencias poden aparecer en dicionarios, por exemplo, no caso de estar lexicalizadas, como podería ser o caso de *Kleenex*.

Máis adiante, atopamos varios exemplos de equivalencias entre os referentes culturais franceses e españois, dende totais ata algúns que non teñen equivalente directamente. Un exemplo de equivalente total sería *tirar como un clínex* por *jeter comme un Kleenex*. Logo, un exemplo dunha expresión sen unha equivalencia que inclúa unha marca sería *ser un bollicao*.

O segundo artigo, redactado en español, chámase «Unidades fraseolóxicas desautomatizadas marcadas culturalmente en la traducción al español de *Astérix et Obélix: Mission Cléopâtre*». A autora, Kendall Harteel, é profesora na Universitat d'Alacant. Kendall Harteel fai un estudo de como se fixeron as traducións de diferentes referentes culturais na obra de *Astérix et Obélix: Mission Cléopâtre*. Comeza coa definición de «desautomatización», que é o principal concepto que se trata neste capítulo para estudar as traducións. Kendall Harteel explica este concepto como o «[p] roceso que se desencadena en algunhas UF (unidades fraseolóxicas) cuando se les aplica intencionadamente cualquier procedemento de manipulación o modificación creativa» (p. 20). Neste caso, as desautomatizacións son empregadas para adaptar as frases que se empregan na película *Astérix et Obélix: Mission Cléopâtre* (2002) para que encaixen co ambiente da época, que sería a de Cleopatra e Xulio César.

A metodoloxía empregada consiste en identificar e analizar as UF da versión francesa e examinar as traducións que se escolleron na versión española. A autora examina 7 UF, das cales 4 manteñen o carácter fraseolóxico, a desautomatización e o referente cultural; 1 foi traducida libremente e 2, a través do significado da expresión orixinal.

Imos poñer un exemplo de cada un destes grupos de UF da versión francesa e as súas traducións. A que mantén o carácter fraseolóxico sería *être (quelque chose) dans le papyrus*, que é traducido como *estar (algo) nos papirocómics*. O segundo grupo, traducido libremente, sería, por exemplo, *aller (quelqu'un) se faire embaumer chez les Grecs*, que foi traducido como *tener que regresar (alguien) a Grecia*. A UF orixinal contén unha referencia á momificación (*se faire embaumer*, 'embalsamarse, momificarse') que tería sentido na época, pero o equipo tradutor escolleu unha UF sen a referencia ao embalsamento. Finalmente, no grupo de traducións a través do significado da expresión orixinal, teríamos *avoir (quelqu'un) la tête comme un gros char* ('ter (alguén) a cabeza como unha carroza'), que foi traducida como *padecer (alguien) dolores de cabeza*. En conclusión, o estudo realizado é moi interesante se se descoñece o que é o proceso de desautomatización.

O terceiro artigo, redactado en francés, ten por nome «La traduction français-espagnol de “voici” et de “voilà” dans *Les 7 boules de cristal*» e foi escrito por María Carmen Parra-Simón (Universitat d'Alacant). Este artigo é especialmente interesante en canto ás referencias culturais, porque, como ben indica a autora, estes dous termos, ao estaren tan arraigados na lingua francesa, non teñen nunca unha equivalencia total en español. Para estudar a tradución destes termos, a autora primeiro ofrece unha visión deles dende un punto de vista fraseolóxico e apunta os diferentes significados que teñen dependendo das circunstancias, de onde son colocados nunha frase ou incluso dependendo de que tipo de palabra os acompaña.

Para dar unha análise semántica, buscou estes dous termos en diferentes dicionarios franceses (*Larousse* en liña, *Le Robert* en liña e o *Trésor de la Langue française informatisé*). Unha vez feita esta pescuda, outorga a *voici* dúas funcións, de verbo e preposición. Para *voilà* atopa que entra dentro desas mesmas dúas categorías. Sabendo isto, fai unha análise de como é empregado cada termo para atopar a mellor tradución posible e decátase de que *voilà* é empregado para «Presentar, designar ou introducir» un 92% das veces, mentres que *voici* é empregado para «Presentar ou designar» un 56%, «Indicar unha explicación, un obxecto ou argumentar» un 13% e «Concluir, constatar» un 17%. Logo, mostra as diferentes técnicas empregadas para levar a cabo a tradución, como serían a adaptación, modulación ou a particularización.

Imos mostrar uns exemplos destas técnicas. Para a primeira, que sería a adaptación, temos *Ah! Voilà* como *¡Ah, sí!* ou *Et voilà* como *Ejem*. Para a modulación temos o exemplo de *Voilà qui est réglé*, cuxa tradución sería *Bueno, ya está todo hecho*. A última estratexia, a particularización, tería como exemplo *Voilà quelqu'un qui...*, cuxa tradución sería *ese señor*. Finalmente, remata a análise recalando a importancia que ten que a persoa que traduce se adapte aos desafíos empregando diferentes técnicas.

O cuarto artigo, «Las colocaciones como fenómeno cultural», foi redactado en español por Iván Martínez Blasco (Universitat d'Alacant). Este autor forma parte do proxecto de FRASYTRAM, do que forman parte dous dos editores deste libro. Neste capítulo trátanse as diferentes construcións creadas con verbos soporte, que son extremadamente complicadas para os estudantes estranxeiros, xa adoitan ter un significado metafórico. Neste caso, o autor dá exemplos tanto en francés como en español. Para a metodoloxía

de análise emprega a noción de emprego predicativo (Gross 2012), que se refire a que cando as formas verbais dadas son susceptibles de nominalización, o son no seu emprego predicativo e non no soporte. O autor ofrece diferentes categorías para os verbos que compoñen as colocacións: verbos metafóricos temporais, verbos metafóricos aspectuais, verbos intensivos non aspectuais e verbos intensivos aspectuais.

O autor decide centrarse nos substantivos predicativos de sentimentos porque son os máis abundantes e levan intrínsecos un grao de intensidade. Isto funciona do mesmo modo en francés, que presenta características comúns co español. Podemos ver numerosos exemplos dos verbos e os seus equivalentes en español, o que é algo moi interesante en caso de necesitar as equivalencias nalgún momento. Algúns destes exemplos en español cos seus equivalentes franceses serían: *respirar alegría* con *respirer joie*; *alimentar el ego* con *cajoler l'ego*; *plantear dudas* con *planer des doutes*...

En conclusión, o autor menciona que isto só é un punto de partida para crear ferramentas máis elaboradas e que o seu traballo pode servir para comprender o funcionamento deste tipo de construcións complexas. É un tema aínda moi pouco desenvolvido e con escasa bibliografía pero atraente que, de estudarse máis a fondo, daría resultados moi interesantes dos que se beneficiarían moitas persoas.

O quinto artigo tamén está redactado en español e ten por nome «La mujer y los estereotipos de género en la fraseología española». A autora é Adelina Gómez González-Jover (Universitat d'Alacant), que tamén forma parte do grupo FRASYTRAM. A autora estuda o peso que ten a lingua en manter ou perpetuar estereotipos, prototipos e arquetipos sobre as mulleres. Nós, como sociedade, empregamos a lingua como vehículo para transmitir o que pensamos ou os nosos valores. Por si mesma, a lingua non é nin machista, nin homófoba nin racista; somos nós quen temos este tipo de valores e quen os transmitimos mediante a lingua.

A autora fai unha clasificación das categorías estereotipadas asociadas ao xénero de muller, que serían: características físicas; sexualidade; personalidade/actitude/habilidades; familia e rol doméstico; profesións e actividades; e, finalmente, idade e paso do tempo. Con isto sinala que todas as mulleres que non cumbran con estas esixencias patriarcais teñen como consecuencia a creación doutro estereotipo, negativo, ao se desviaren da norma. Cada unha destas categorías presentan as súas expresións lingüísticas fixas para facer que a muller se adapte e encaixe nelas, normalmente todas facendo referencia ao carácter submiso, doce e á maternidade, a ser unha boa madre... Algúns exemplos serían *mujer de su casa*, *madre del cordero*, *niña de sus ojos*... E, en caso de se desviar das categorías, empregaríanse expresións pexorativas contra as mulleres, desestimando o seu valor: *pasársele el arroz*, *bailar con la fea*, *putón verbenero*...

Na conclusión, a autora resalta a importancia de que a persoa tradutora sexa alguén que coñeza esta linguaxe para non seguir perpetuando este machismo empregando un vocabulario daniño. É importante que as persoas se decaten de que somos nós quen modificamos á lingua para convertela nunha ferramenta que discrimina e que tamén somos nós quen temos o poder para eliminar estas expresións e connotacións.

O sexto artigo está redactado en inglés e titúlase «Collocations of “woman” and “mujer” in the UN Parallel Corpus», está escrito por María López-Medel (Universitat d’Alacant). A análise deste capítulo levouse a cabo empregando o corpus paralelo das Nacións Unidas (United Nations Parallel Corpus, UNPC), que recolle as 6 linguas oficiais da organización. Este traballo ten como obxectivo analizar as traducións que se fixeron dende o inglés ao español en temas relacionados coas mulleres. María López-Medel fai un estudo que compara as ocorrencias das palabras relacionadas coas mulleres, como *woman, women, wife, married woman, marriage for/of girls*, entre outras, e as palabras relacionadas cos homes, como *man, men, husband, married man, boys*, entre outras.

Algo a destacar nesta análise é a asociación de palabras como *vítima, pobre, embarazada, rural, discriminación, agresión, violencia, violación* con *muller* cando se busca no corpus. A continuación, a autora sinala problemas que hai coa tradución que se fixo de termos como *child marriage*, que é un tipo de violencia exercida contra as mulleres e que en español se traduce como *matrimonio infantil, matrimonio precoz* ou incluso *matrimonio entre niños*. Este último termo ignora completamente o significado que ten o termo orixinal de ser unha forma de violencia que se leva a cabo contra nenas e mulleres.

A conclusión mostra que as traducións se levan a cabo de maneira que non expoñen o verdadeiro problema, senón que tratan de ocultalo e estigmatizalo (como sería o caso de *matrimonio entre nenos*) a pesar de ser un algo real que as mulleres viven hoxe en día. Tamén ensina como a maioría dos termos asociados á muller mostran os tipos de violencia que sofren hoxe en día, dende violencia sexual ata violencia física.

O sétimo artigo, redactado en francés, chámase «La traduction en français d’unités phraséologiques impliquées dans l’expression du désaccord en roumain» e foi escrito por Daciana Vlad (Universitatea din Oradea). Este capítulo trata sobre os problemas de tradución ao francés de unidades fraseolóxicas propias das interaccións orais, de fórmulas máis ou menos convencionais procedentes do romanés.

A autora escolleu varias estruturas: as exclamativas, que son as máis numerosas e teñen unha gran diversidade de funcións e flexibilidade na súa formación; as asertivas, que empregan como equivalentes un verbo de fala; as interrogativas, que se empregan na fala moito e que ás veces poden chegar a ser preguntas retóricas porque en verdade non buscan información; e as inxuntivas, que se forman cun subxuntivo da primeira persoa do plural. Logo, a autora mostra os diferentes graos de fixación, que poden ser completamente fixas ou semi-fixadas.

A autora presenta algúns exemplos sobre os diferentes tipos de correspondencias entre os termos franceses e romanés, como sería a posibilidade de modular o verbo para que a equivalencia teña unha estrutura parecida á orixinal. Por exemplo, en *Le cam înflorești — Tu en rajoutes*, estase a cambiar o verbo en romanés (cuxa tradución literal sería *fleurir*, ‘floreecer’) para adaptalo ao francés (*rajouter*, ‘engadir’). Outro exemplo sería que unha estrutura en romanés poida non ter un verbo, pero que o equivalente francés si teña que presentar un: *Vorbe în vânt / Vorbe goale — C’est des paroles en l’air*; a tradución literal sería *Des paroles dans le vent* (‘Palabras no vento’), pero en francés engaden un verbo.

A solución que ofrece a autora para os problemas de tradución das UF é coñecer a fondo a lingua romanesa e a orixe das expresións para poder comprendelas mellor, xa que non sempre hai equivalentes en francés e estes dependen moito da fixación dos termos romaneses. Mesmo así, para rematar a conclusión, a autora explica como hai similitudes entre os dous idiomas e as súas estruturas de expresión de desacordo, por exemplo.

O oitavo artigo, en francés, titúlase «Équivalents culturels dans la traduction de locutions somatiques (roum. *gât* / fr. cou, *gorge*)» e foi escrito por Daniela Dincă e Ilona Bădescu, dúas académicas romanesas especializadas en lingüística da Universitatea din Craiova. O artigo analiza a conceptualización das partes do corpo nas locucións somáticas construídas en romanés, especialmente as que utilizan o lexema *gât*, que en galego se traduciría como *pescozo* ou *gorxa*. O texto clasifica estas comparacións en directas, indirectas, idiomáticas ou de cero connotacións culturais. O obxectivo principal do estudo é examinar as dificultades tradutolóxicas e as correspondencias culturais que xorden ao traducir entre o romanés e o francés.

O noveno artigo, redactado en español por Jian Qin, profesora da Universidade de Wuhan, titúlase «Los referentes culturales en el refranero chino». Nel, a autora propón unha análise dos refráns chineses dende unha perspectiva tradutolóxica e ofrece propostas para resolver os problemas que presentan as referencias culturais. O estudo céntrase en catro campos semánticos fundamentais: na muller, nos topónimos, no calendario e nos festivais chinesos; e na superstición. Os referentes culturais chineses poden causar problemas dende un punto de vista tradutolóxico, pero estudar estes elementos pode axudar a comprender mellores estes refráns e facilitar a integración lingüística e cultural.

O décimo artigo, «De l'Antiquité à nos jours: Comment le droit est "devenu" une discipline culturelle dans la théorie et la pratique de la traduction», foi redactado en francés por Jorge Valdenebro Sánchez, profesor titular na Université de Lorraine. Este artigo céntrase na evolución histórica da maneira na cal se incorporaron os elementos culturais na tradución xurídica en Europa Occidental, con especial atención a Francia e España. Neste estudo examínase a evolución da atención cara á cultura nas prácticas de tradución do ámbito do Dereito.

Esta investigación destaca a importancia de coñecer o pasado para entender o presente, especialmente na tradución xurídica. Antes realizábanse traducións literais, influídas pola relixión; Agora, co dereito internacional, a tradución é moito máis complexa e enfronta novos retos.

O undécimo artigo foi redactado en inglés e ten como título «Ad-hoc specialized corpora in translation teaching: A progress report on the translation of web-based heritage tourism at the MA level». Está escrito por Gaia Aragrande, investigadora da Università di Bologna. Nel, presenta a creación dun corpus especializado en textos de turismo patrimonial (Heritage Tourism Corpus — HT Corpus) como unha ferramenta para axudar na tradución do italiano ao inglés. O estudo recolle os resultados do seu uso por primeira vez con estudantes dun mestrado da Universidade de Boloña, onde foi elaborado. Aínda que ten as súas limitacións, os primeiros resultados amosan unha mellora da calidade das traducións e un enfoque máis centrado no texto meta.

O duodécimo artigo, redactado en inglés e titulado «Transferring cultural references in sports and music entertainment domains of bilateral interpretation», é de Natalia Kolchugina (Euskal Herriko Unibertsitatea). Este artigo analiza a interpretación bilateral ruso-española nos ámbitos do deporte e do entretemento musical e a maneira en que inflúe a adaptación dos referentes culturais na súa calidade. A investigación combina a observación e o estudo experimental e mostra como os intérpretes experimentan limitacións para traducir os referentes culturais. Por esta razón, coñecer as dúas culturas é fundamental para poder facer unha interpretación correcta e de calidade, sen perder o sentido.

O décimo terceiro artigo, redactado en inglés baixo o nome de «The challenges of translation and interpretation in international projects: The case of the European Twinning project between Spain and Algeria», foi elaborado por Antonio Bueno García (Universidad de Valladolid). O artigo ofrece unha perspectiva práctica sobre os desafíos da tradución e a interpretación nun contexto internacional, tomando como estudo de caso o proxecto europeo PAPERS, revista académica que se centra na investigación e análise do Dereito da Unión Europea e a súa integración política e social. Tamén analiza os factores lingüísticos, culturais e sociais, o impacto da pandemia, metodoloxías de aprendizaxe e novas tecnoloxías en áreas como a educación, a tradución e a interpretación. A tradución e a interpretación foron esenciais no proxecto, o que demostra que sen unha boa comunicación intercultural non sería posible unha tradución real entre países e non se poderían levar a cabo este tipo de iniciativas.

En conclusión, o conxunto da obra ofrece unha visión multidimensional e interdisciplinaria da fraseoloxía e aborda de forma exhaustiva as dificultades tradutolóxicas asociadas ás unidades fraseolóxicas e ás referencias culturais. As investigacións ofrecen enfoques moi diversos que axudan a comprender o tema dende distintos contextos e dende distintas realidades sociolingüísticas; todo isto contribúe a un enriquecemento persoal de quen as le. Esta obra pode resultar interesante e innovadora para calquera persoa, profesional ou entusiasta, que teña o desexo de asimilar novos coñecementos sobre este ámbito e curiosidade por saber un pouco máis das novas investigacións nesta área. Consideramos que é especialmente interesante para nós, como estudantes de tradución, xa que nos deixa ver un pouco os tipos de problemas reais aos que nos podemos enfrontar no noso traballo e definitivamente enriqueceu o noso coñecemento sobre diferentes problemas tradutivos dos referentes culturais.

Claudia Almuíña Zafra¹
Universidade de Vigo (España)
claudiaalza@hotmail.es

Uxía Fraga Guillán²
Universidade de Vigo (España)
ORCID: 0009-0008-9753-8822
fraga.guillan.uxia@gmail.com

¹ Encargada da introdución da recensión e da análise dos sete primeiros capítulos da obra. A conclusión foi elaborada en conxunto.

² Encargada da presentación e da estrutura da obra, así como da recensión dos últimos seis capítulos.